


NUNCA PERDADES A CREATIVIDADE!

Imos rematar as tarefas coa curtametraxe ALIKE.



Alike é un canto á vida, á rebelión, a romper a rutina diaria e recuperar un sorriso que sirva para mover e encher de cores o mundo.

Alike tamén é unha sentida aperta dun pai cara a un fillo.

Unha aperta, permite ao pai recuperar ao final dunha interminable xornada a súa cor orixinal perdida entre montañas e montañas de papeis.

Penso que esta curta é unha excelente oportunidade para reflexionar, sobre o mundo no que estamos inmersos e o mundo no que nos gustaría vivir. Escoller o mundo que cala ou o mundo que sorri.

Preme na ligazón para ver a curta:

https://youtu.be/PDHIyrfMI_U



Alike déixanos unha mensaxe positiva a modo de ensinanza. Todos podemos romper o gris cun pouquiño de cor, só hai que propoñerllo e deixar que, de cando en vez, a creatividade tome o mando.

Escribe ou debuxa o que te ensinou esta curtametraxe, tamén podes facer as dúas cousas.



DEIXA VOAR A TÚA IMAXINACIÓN!

NON PERDAS O TEU SORRISO!

Extrema as precaucións nas saídas!



BO VERÁN !!!

Máis natureza e menos
tecnoloxía!!

Vémonos en setembro!

Unha aperta!
CHUS

